

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO ACORDOS CARREIRA E COMPLEMENTO DESEMPEÑO

Santiago de Compostela 06/10/23

Resumo das reunións de ambas Comisións de seguimento e dos criterios tratados comúns a complemento de carreira e de desempeño:

CÓMPUTO ANTIGÜIDADE:

Os **servizos prestados noutra Administración valoraranse no mesmo grupo**, no se pode valorar na mesma escala por non estar establecidas equivalencias entre escalas de distintas administracións.

As empregadas e empregados públicos que teñen reclamada e desestimada a valoración como mesmo grupo, deben presentar **RECURSO DE REVISIÓN**. Aquelas que aínda non a teñen desestimada **seráselles recoñecida de oficio**.

NOVO SUPOSTO: PERMUTA

Caso de atoparse nesta Administración ocupando un posto de traballo mediante a modalidade de permuta, **computarase toda a antigüidade**, do mesmo xeito que o acordado no caso de quedar integrada nesta Administración mediante concurso.

SOBRE O PERSOAL PROCEDENTE DO EXTINTO CIXTEC:

Persoal procedente do extinto CIXTEC, que non se poido integrar como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia ao abeiro do Decreto 129/2012 por ter xa a condición de persoal laboral fixo en situación de excedencia por incompatibilidade, que cumpra algún dos criterios de avaliación establecidos **ten dereito ao recoñecemento do grao I** do complemento de desempeño ou de carreira administrativa, segundo teñan a condición de persoal laboral ou funcionario respectivamente.

Son 2 os efectivos afectados da categoría III-91.

Os **efectos** deste recoñecemento serán do **01.01.2022** e coas mesmas porcentaxes que as establecidas para o resto do persoal laboral ou funcionario.

NOVO SUPOSTO:

Persoal que tivo a condición de funcionario público da Xunta de Galicia e que actualmente está prestando servizos na mesma co seu destino definitivo en outra administración seralles recoñecida a carreira administrativa á que teñan dereito co cumprimento dos demais requisitos establecidos na normativa de desenvolvemento da mesma.

As empregadas e empregados públicos que teñen reclamada e desestimada a valoración como mesmo grupo, deben presentar **RECURSO DE REVISIÓN**. Aquelas que aínda non a teñen desestimada **seráselles recoñecida de oficio**.

PERSOAL DA LEI 17/1989

Para o **cómputo dos cinco anos de servizos prestados como persoal funcionario da escala de Saúde pública e administración sanitaria** – Lei 17/1989 (inspector/a médico/a, inspector/a



farmacéutico/a, farmacéutico/a inspector/a de saúde pública, subinspector/a sanitario/a, ATS/DUE), **valoraranse os servizos prestados como persoal estatutario.**

HOMOLOGACIÓN CARREIRA XUSTIZA

A proposta da DX de Xustiza, formúlase **valorar os servizos prestados con recoñecemento recíproco dos graos** de traxectoria profesional do persoal de **Xustiza** e dos graos da carreira administrativa da **Administración da Xunta de Galicia**. A Administración aporta un texto que quedamos emprazados a **alegar co fin de recoller expresamente o recoñecemento do grado I consolidado do Acordo de carreira declarado nulo por sentenza da CIG**. Cando teñamos o texto definitivo o publicaremos.

A PROPOSTA DE CC.OO E UGT : CURSOS QUE ESTANDO DENTRO DOS ACORDOS DE FORMACIÓN CONTINUA DAS AA.PP NON SE VALORARON.

Proponse que **se valoren os cursos da Fundación Tripartita para o Emprego e de cursos certificados polo Ministerio de educación e Formación Profesional de Dixitalización Aplicada ao Sector Produtivo**, que se enmarcan dentro da formación para o emprego. Función pública refire en ambos supostos que dado que a valoración da formación regulouse igual para carreira e OPE Lei 20/2021 o estudará, condicionado a non ralentizar as baremacións.

A PROPOSTA DE UGT E CCOO: SOLICITUDE DE APERTURA DE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Valoran o comezo da negociación do decreto de carreira ordinaria que xa sería aberta e permanente, e incluír a apertura dun novo prazo para aqueles que agora si solicitarían (sobre 1.000 persoas se estima).

O trámite dun decreto é longo, polo que poderase **convocar a apertura dun prazo de solicitude**, antes de finais de ano, para repescar a quen por distintos motivos non solicitaron anteriormente, en todo caso os efectos económicos coas porcentaxes correspondentes serían a partir do 01/01/2024.

A PROPOSTA DE CC.OO E UGT: CÓMPUTO DE ANTIGÜIDADE PARA O PERSOAL FIXO – DISCONTINUO.

Ante a nosa proposta de que a experiencia profesional reciba o mesmo tratamento que os trienios, confirman que o estudiarán e darán resposta.

DAR CONTA DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES:

- ✚ Solicitudes: 18.167
- ✚ Estimadas: **15.439** (85%)
- ✚ Desestimadas: 2.099 (11,55%). Desestimadas por falta de méritos: 629 (3,4%).
- ✚ PR004: 1.784 , 1.087 resoltas, 669 solicitan efectos de 2019 sen resolver.

